

TORMENTO

Mikio Naruse, 1964

1533

ESTREA EN NUMAX: 11.06.2025 | V.O.S.E. | 98 min

Reiko, viúva de guerra, ergueu das ruínas a pequena tenda da súa familia política. Mentres ela traballa sen descanso, o irmán do seu marido malgasta a súa vida bebendo e xogando. Agora a chegada dos supermercados ameaza o negocio. Cando xorde a oportunidade de abrir un supermercado no local, Reiko convértese nun obstáculo para as súas cuñadas e a súa sogra.

«Obra mestra. A súa profundidade psicolóxica non ten fin»

Jonathan Rosenbaum, CHICAGO READER



Unha muller atrapada

Hai no cinema de Naruse, e especialmente en *Tormento*, unha sensación de irremediable perda que impregna a todos os personaxes, de que o paso do tempo avanza inexorablemente deixando atrás ocasións desperdiciadas e un pasado que xa non se poderá volver repetir: os pequenos negocios de comestibles que están condenados a desaparecer sen remedio pola irrupción dos supermercados, ou eses 18 anos da vida de Reiko sacrificados en levantar o negocio da familia do seu marido xa morto, no canto de buscar unha forma de empezar a súa vida de cero. Mesmo antes de que a historia se empece a complicar, o filme de Naruse xa exhibe un pouso de melancolía que gradualmente se irá apropiando da trama.

Tamén son frecuentes nas súas películas as relacións enrevesadas entre personaxes: os pais de familia que se postulan máis a favor das súas noras que dos seus propios fillos en *Avalancha* (1937) e *A voz da montaña* (1954), ou o imposible romance entre unha viúva e o home que matou accidentalmente ao seu marido en *Nubes dispersas* (1967). No filme que nos ocupa trátase do namoramento que sente Koji cara a Reiko, sendo el o seu cuñado. O inconveniente non está só no vínculo familiar que os une senón como pode Reiko mirar agora ao mozo non como o irmán pequeno do seu defunto marido senón como un home. Pero neste caso Naruse obvia por completo o proceso de desenvolvemento desta complexa subtrama e introdúcenos na película cando a situación xa se fixo realidade.

E este é un dos aspectos que máis me gusta do filme, e que fan de *Tormento* unha película tan especial. Son esas escenas en que ambos interactúan despois de que Koji declarou o seu amor. Eses instantes en que aparentemente nada sucede, nos xestos e miradas dos personaxes, na forma como situacións inofensivas neste novo contexto viran violentas. A viaxe en tren en que Koji a acompaña é aínda máis destacable nese aspecto. Se alguén aínda dubida da grandeza de Naruse como cineasta, só ten que ver esa sucesión de planos que van dando a entrever como ambos pasan do forzado distanciamento a volver achegarse ata adquirir de novo certa complicidade.

E de novo, como é habitual en Naruse, volvemos asistir á historia dunha muller atrapada polas convencións sociais. A familia Morita beneficiouse dos sacrificios e esforzos de Reiko, pero cando deciden remodelar o negocio ela supón unha molestia. De forma que asistimos ao sutil pero implacable proceso de afastamento das súas vidas. Sempre de forma educada e de acordo con as regras sociais, baixo un sorriso que propón algo en principio inocente e benintencionado pero que en realidade ten unha finalidade bastante clara. Este xogo social que a propia Reiko entende e acepta, e ante o cal só se rebela o mozo e pouco convencional Koji.

Non podo deixar de terminar esta recensión sen dedicar polo menos un parágrafo de profundos eloxios cara á actriz protagonista Hideko Takamine, a predilecta do propio Naruse. Unha das mellores intérpretes do cinema xaponés, que entendeu á perfección o estilo que buscaba o director nas súas películas e que conseguía algo tan difícil como transmitir os desexos reprimidos, aquilo que o seu personaxe pensa e desexa pero non pode facer explícito. Non chega a converterse no anxo tráxico que se sacrifica sen dubidalo polos demais, é débil e ten tentacións; percibimos o seu lado humano, pero a súa bondade cara aos demais parécenos auténtica e iso convértea en alguén especial.

Esquezan xa a idea de que Mikio Naruse é un dos grandes directores do cinema xaponés. Mikio Naruse é un dos grandes directores do cinema universal.